

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 22 de novembro de 2013

ASISTENTES:

NON ASISTEN:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D^a M^a Jesús Lago Rey
D^a. M^a Isaura Abelairas Rodríguez
D. José Manuel Fernández Pérez
D. Angel Rivas González
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

D^a M^a Carmen Silva Rego
D. Carlos López Font
D^a. Raquel Díaz Vázquez
D. Cayetano Rodríguez Escudero

Invitados:

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día vinte e dous de novembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Lago Rey, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(1297).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria do 8 de novembro e extraordinaria e urxente do 13 de novembro de 2013. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(1298).- INDEMNIZACIÓNS SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 57.370,92 € A FAVOR DE EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS S.A. POLA PRESTACIÓN DE APOIO A UAD CEDRO- OUTUBRO 2013. EXPTE. 2033/315.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización, do 14.11.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de Servicios Económicos, da mesma data, conformado polo xefe da Área de Política de Benestar e a concelleira-delegada de dita Área, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a indemnización substitutiva por importe de 57.370.92 euros, a favor de EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A. (CIF: A-79022299), pola prestación dos servizos de apoio á unidade asistencial de drogodependencias CEDRO durante o mes de outubro de 2013.

SEGUNDO.- Imputar o gasto de 57.370.92 euros a partida orzamentaria 3133.2279901 "Servicio Metadona"ou bolsa de vinculación.

3(1299).- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO ARRENDAMENTO, CONSERVACIÓN E LIMPEZA DO EQUIPAMENTO DE UNIFORMIDADE DE INTERVENCIÓN PARA O SERVIZO DE BOMBEIROS. EXPTE. 893/440.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 13.11.13, e de acordo co informe-proposta da secretaria da Mesa de Contratación, do 11.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Adxudicar a ITURRI, S.A. o procedemento aberto para a contratación do subministro, conservación e limpeza do equipamento de uniformidade (expediente 893-440) por unha cota anual de arrendamento de 116.403,21 € (IVE engadido), dos que 69.848,46 € corresponden ao aluguer das prendas e 46.554,75 € corresponden ao mantemento e limpeza conforme os prezos unitarios de aluguer e custo por mantemento e limpeza achegados por ano e prenda, e coas seguintes prestacións adicionais:

- Incrementa do 15% ao 30% a porcentaxe de equipos de stock sobre o mínimo estipulado das tallas que o Concello estime conveniente sen custe para o mesmo.
- Oferta 23 meses e 28 días de prestación do aluguer, mantemento e limpeza sen custe ningún para o Concello.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

4(1300).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CONSULTORÍA DE DIRECCIÓN PARA O SUM PROJECT. EXPTE. 9736/77.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 13.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no Procedemento negociado con publicidade para a contratación do servizo de consultoría de dirección para o SUM Project. (exped 9736-77) no seguinte orde decrecente:

Estrategia y Gestión Ambiental, S.L..... 80,007 puntos.

Metodo Estudios e Consultores, S.L.U..... 74,593 puntos.

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar Estrategia y Gestión Ambiental, S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Acreditación de dispor os medios persoais esixidos para a execución do contrato

Resgardo da garantía definitiva por importe de 1012,50 euros..

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

5(1301).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE MANTEMENTO E CONSERVACIÓN DAS ÁREAS BIOSALUDABLES E ÁREAS DEPORTIVAS XIMNÁSTICAS. EXPTE. 7163/446.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 13.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no Procedemento negociado con publicidade para a contratación dos servizos de mantemento e conservación das áreas biosaludables e áreas deportivas ximnásticas. (exped 7163-446).no seguinte orde decrecente:

1.- Contenur, S.L.:

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar CONTENUR S.L. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Resgardo da garantía definitiva por importe de 1.002,12 euros.

Terceiro.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

6(1302).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DOS SERVICIOS DE TELEASISTENCIA DOMICILIARIA. EXPTE. 82392/301.

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do secretario da Mesa de Contratación, do 13.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas no procedemento aberto dos servizos de teleasistencia domiciliaria. (expediente 82392-301) no seguinte orde decrecente:

EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A.	100
QUAVITAE SERVICIOS ASISTENCIALES, S.A.U	85,99
CLECE, S.A.	83,63
CRUZ VERMELLA	42,31

Segundo.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar EULEN SERVICIOS SOCIO SANITARIOS, S.A. para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.3 TRLCSP):

Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.

Certificacións de acharse ao corrente das súas obrigacións tributarias co Estado, Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.

Acreditación de dispor os medios persoais e materiais esixidos para a execución do contrato

Resgardo da garantía definitiva por importe de 7.458 euros.

Terceiro.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 598,50 € en concepto de custe dos anuncios de licitación.

Cuarto.- Conforme a delegación acordada por esta mesa de contratación na súa sesión de data 27-07-2011, o secretario da mesma procederá a formular ó órgano de

contratación a proposta de adxudicación do contrato, sempre e cando se cumpran os requisitos de que tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar como a solicitada de oficio pola administración municipal, fosen correctas.

7(1303).- DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS:

A) SAMPER REFEINSA GALICIA S.L. EXPTE. 4603/241.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 13.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SAMPER REFEINSA GALICIA, S.L. a fianza de 404,25 euros constituída para responder de alleamento de 140 colectores metálicos, xa que foron retirados conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación.

B) SENEN ROBLES PÉREZ. EXPTE. 4635/241.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 13.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a SENEN ROBLES PEREZ as catro fianzas de 600 euros cada unha, constituídas para responder de explotación de servizos en praias durante o verán 2013, xa que foron prestados conforme as condicións do prego que rexeu a contratación.

C) CLECE S.A. EXPTE. 4606/241.

De conformidade co informe-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, do 13.11.13, a Xunta de Goberno local acorda:

Devolver a CLECE, S.A. as fianzas de 144.859,81.-, 43.531,71.-, 22.500.-, 19.551,83.-, e 18.595,68 euros, constituídas para responder de diversos contratos de prestación do servizo de Axuda no Fogar, xa que foron executados conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-los prazos de garantía.

D) SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS S.A. EXPTE. 4623/241, 4624/241, 4625/241, 4628/241, 4629/241, 4627/241, 4626/241, 4630/241.

De conformidade cos informes-proposta do xefe da Oficina Administrativa de Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

- Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. a fianza de 8.017,37 euros constituída para responder das obras de mellora da estrada Freixo, en Sárdoma, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 30 de maio de

2008, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía. Expte. 4623/241.

- Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. a fianza de 947,74 euros constituída para responder das obras de reparación de beirarrúas na rúa Oporto-Areal (ampliación), xa que foron executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía. Expte. 4624/241
- Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. a fianza de 6.481,03 euros constituída para responder das obras de aglomerado en túneles, xa que foron executadas conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía. Expte. 4625/241.
- Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. a fianza de 4.088,94 euros constituída para responder da execución das obras do lote 2 das obras de reparación en camiños do Monte da Mina, Eixou e Falcoa, en Castrelos, xa que foron recibidas mediante acta de 30 de maio de 2008, por se executaren conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía. Expte 4628/241.
- Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. a fianza de 8.799,50 euros, constituída para responder das obras de instalación de nova rede de abastecemento de auga nas rúas S. Paio de Navia e Fontans, xa que as obras foron recibidas mediante acta de 5 de novembro de 2007, por se executaren conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía. Expte. 4629/241.
- Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. a fianza de 40.000 euros constituída para responder da subministración de mesturas bituminosas, xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía. Expte. 4627/241.
- Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. a fianza de 8.000 euros constituída para responder da subministración de mesturas bituminosas, xa que foi recibida conforme as condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía. Expte. 4626/241.
- Devolver a SERCOYSA PROYECTOS Y OBRAS, S.A. a fianza de 15.600 euros constituída para responder de aluguer de maquinaria con operador para o servizo de Vías e Obras, xa que foi executado conforme ás condicións do prego que rexeu a contratación e por transcorrer-lo prazo de garantía. Expte. 4630/241.

8(1304).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A. PARA O FOMENTO DO EMPREGO. EXPTE. 10355/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 6.11.13, o informe de fiscalización do 14.11.13, e de acordo co informe proposta do xefe de Desenvolvemento Local e Emprego, do 11.11.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, a Xunta de Goberno acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de convenio de colaboración que de seguido se transcribe, entre o Concello de Vigo e a PEUGEOT CITRÖEN AUTOMÓVILES ESPAÑA S.A., con CIF: G36893956.

SEGUNDO.- Autorizar o gasto de 250.000,00 €, como contrapartida do estipulado no presente convenio, con cargo á partida 2410 4700001 Convenio Citroën "PME 2013" e a súa bolsa de vinculación, do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013.

TERCEIRO.- Facultar ao Concelleiro de Promoción Económica, Emprego e Participación Cidadá D. Santos Héctor Rodríguez Díaz para asinar o citado convenio.

En Vigo, a ____ de _____ de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, D. Abel Caballero Álvarez, na súa calidade de Alcalde – Presidente na representación legal do Concello de Vigo (CIF P3605700H) e, enderezo na Praza do Rei, número 1.

Doutra, Don Juan Antonio Muñoz Codina, en nome e representación de PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A. – Centro de Vigo (en adiante a beneficiaria) con domicilio social en Vigo, Avda. Citroën 3 e 5, según escritura de poder otorgada o seu favor, ante o notario de Madrid D. Luis Garay Cuadros, nº de protocolo 3.256., que lle faculta para o outorgamento deste convenio, asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revocadas nin limitadas.

Tendo, daquela, os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio

EXPOÑEN

A mellora do benestar dos cidadáns de Vigo é a tarefa fundamental do Concello de Vigo. A súa situación en relación co emprego é un elemento fundamental do seu benestar, e por medio de proxectos integrados no Plan de Emprego intervén para acadar unha sociedade mais inclusiva, mais xusta e equilibrada.

A estratexia polo emprego que supón este plan non é un elemento illado, senón toma en consideración un conxunto de accións de colaboración con entramado laboral, empresarial e social nos que o desenvolvemento de convenios de colaboración configúrase como a súa máxima concreción.

O Concello de Vigo ten dentro das súas propostas para estes anos de crise, acadar mediante a contratación directa ou indirecta o maior número de postos de traballo reducindo a porcentaxe de parados na nosa cidade, unha das formas para acadar este obxectivo entre outras é a colaboración coas empresas de tal xeito que se mellore a situación das persoas en situación de desemprego.

MANIFESTAN

I.- Que tendo en conta a situación socio –laboral actual na cidade de Vigo, no obxecto do presente convenio e na subvención mesma concorren singulares circunstancias de interese público, social e económico:

Paro rexistrado por sexo e grupos de idade:

CONCELLO	Paro Actual	Paro Anterior	VARIACION	Total <25	Homes <25	Mulleres <25	Total >25	Homes >25	Mulleres >25
VIGO	33.076	32.944	132	2.174	1.150	1.024	30.902	14.057	16.845

Paro rexistrado por sexo e sector de actividade:

CONCELLO	PARO_TOTAL	AGRICULTURA-GANADERÍA	INDUSTRIA	CONSTRUCCION	SERVIZOS	SEN DETERMINAR
VIGO	33.076	442	4.999	3.161	21.431	3.043

II.- Que PSA Peugeot Citroen Automóviles España, S.A – Centro de Producción de Vigo, ten establecido na súa escritura de constitución como fin e actividade a construción e fabricación de vehículos a motor, cuxa implantación na cidade de Vigo, con máis de 6000 empregos directos convírtea nun dos principais motores económicos da cidade.

III.- Que o Concello de Vigo dentro das políticas activas de emprego en todas as súas vertentes, asume a tarefa de colaborar coas entidades sociais, empresariais e empresas mais significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de fomento da empregabilidade.

IV.- Estas circunstancias así como a capacidade de PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo para xerar emprego e a súa influencia e importancia no entorno económico e empresarial impiden a convocatoria pública da subvención e xustifican a súa concesión directa.

V.- Toda vez que, de acordo co disposto nos artigos 28.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e 26.1 da Lei 9/2007, o convenio será instrumento adecuado para canalizar as subvencións que, con carácter excepcional e por razóns de interese público, social, económico ou humanitario, ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública se outorguen directamente, os intervincentes conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, cuxo obxecto é favorecer a inserción laboral das persoas traballadoras desempregadas que presentan maiores dificultades para incorporarse ao mercado de traballo.

VI.- Que PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das subvencións obxecto da Lei de subvencións de Galicia, achase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo, segundo resulta das declaracións responsables e certificacións que figuran no expediente.

Que en base ás precedentes consideracións e ao interese público, social e económico que para a cidade de Vigo representa a actividade de PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo, o Concello

de Vigo e PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo conveñen a súa colaboración no ámbito de Vigo e a concesión da referida subvención en base aos seguintes.

PACTOS

Primeiro.- PSA Peugeot Citroen Centro de Vigo comprométese a colaborar coa Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo en canto a dinamización e fomento do emprego, e, concretamente, a:

- Facilitar a inserción profesional e adquisición de experiencia laboral de persoas traballadoras, desempregadas e inscritas como tal nas oficinas de emprego e empadroadas na cidade de Vigo, mediante a formalización de contratos de traballo para prestar actividade laboral no Centro de Producción de Vigo.
- Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.
- En xeral cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Segundo.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Colaborar na orientación na formalización das contratacións mediante a posta a disposición da beneficiaria da Bolsa de Emprego dispoñible do Concello mediante a preselección dos candidatos que, en atención a demanda de emprego da beneficiaria se axusten as condicións solicitadas.
2. Respetar a estrutura organizativa da beneficiaria.
3. Conceder directamente á beneficiaria unha subvención total por importe de 250.000,00 € con cargo á partida 2410 4700001 Convenio Citroën "Plan Municipal de Emprego 2013" e a súa bolsa de vinculación", do orzamento xeral do Concello de Vigo para o ano 2013, co obxecto de subvencionar as contratacións que, cumprindo os requisitos establecidos neste documento, se formalicen dende o 1 de abril de 2013 ata o 31 de outubro de 2013, ambos inclusive.

Terceiro.- Serán subvencionables, con 5.000,00 €, os contratos de traballo, en calquera das modalidades contractuais vixentes que sumen un período de seis meses, incluíndo todos os contratos e as súas prórrogas, que a beneficiaria suscriba, entre o 1 de abril de 2013 ata o 31 de outubro de 2013, con persoas veciñas de Vigo e desempregadas, inscritas como tal nas oficinas do emprego.

Cuarto.- Esta subvención será compatible con calqueira outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquer outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Quinto.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un anticipo de ata un 50% da axuda outorgada polo Concello, previa petición da entidade, na que xustifique a necesidade financeira da mesma. O 50% restante ingresarase unha vez se teña xustificado a totalidade do programa conveniado, tal como se establece na liquidación final.

Conforme ao previsto no artigo 42 e ss. do RD 887/2006, neste suposto optase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria ao ter en conta, tanto o carácter laboral da actividade subvencionada, coma a traxectoria en anteriores colaboracións coa empresa PEUGEOT CITROËN AUTOMÓVILES ESPAÑA, S.A.

Sexto.- Se o número total de contratos subvencionados fose inferior o inicialmente previsto na concesión de presente subvención, procederá a súa redución na mesma proporción .

A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade a xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

Sétimo.- A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

Oitavo.- A presente subvención terá a publicidade prevista no artigo 15 da Lei de subvencións de Galicia.

Noveno.- A beneficiaria, no prazo dun (1) mes a contar desde o remate da actividade subvencionada deberá xustificar o cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas, e dos gastos incorridos; os xustificantes de pago dos gastos incorridos con facturas ou documentos de valor probatorio equivalente e o importe, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiaran tamén a actividade subvencionada, así como copia dos contratos de traballo e prórrogas, no seu caso, das persoas contratadas entre o 01 de abril de 2013 e o 31 de outubro de 2013.

A documentación da conta xustificativa deberá incluír unha relación de tódolos xustificantes de pago dos gastos incorridos.

Décimo.- Antes de proceder ao pago da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa seguridade social e non ser debedor por resolución de procedencia de reintegro.

Décimo primeiro.- A realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polo servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado. O xefe do servizo de Desenvolvemento Local e Emprego emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

Décimo segundo.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercizo das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A beneficiaria deberá facilitar a Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, antes do 15 de maio de 2014, xustificación dos periodos de contratación do persoal adscrito ao presente convenio conforme o establecido no artigo terceiro.

No suposto de extinción da relación laboral temporal dalgunha persoa traballadora pola cal se concedeu a subvención, por morte ou por incapacidade permanente total, absoluta ou grande

invalidez, entenderase que non se produce incumprimento e, por tanto, non procederá o reintegro.

No suposto de que a empresa beneficiaria incumpra a obriga establecida no artigo terceiro, por cada contratación subvencionada e non substituída conforme o establecido no dito artigo procederá o reintegro da axuda concedida máis is xuros de demora

Décimo terceiro.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 LSG.

Décimo cuarto.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreezación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no RD 1398/1993, de 4 de agosto, polo que se aprobou o Regulamento do Procedemento para o exercizo da potestade sancionadora.

Décimo quinto.- A beneficiaria está informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados aos ficheiros municipais; de que a finalidade da súa recollida é a instrucción do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na Lei de subvencións de Galicia en orden á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obligatoria.

Os ditos datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na Lei 30/1992, do 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común e na Lei 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Personal, sendo responsable do seu tratamento a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado.

A beneficiaria poderá exercer-los dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición ante a servizo de Desenvolvemento Local e Emprego dependente da Concellaría de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado do Concello de Vigo.

Décimo sexto.- A colaboración do Concello de Vigo concrétase na concesión dunha subvención formalizada mediante o presente convenio, colaboración que non derivará en ningún tipo de relación laboral entre o Concello de Vigo e o persoal contratado directa ou indirectamente pola beneficiaria.

Décimo sétima.-A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipaise as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, por triplicado exemplar, en Vigo, a ____ de _____ de dous mil trece.

9(1305).- MODIFICACIÓN DO ACORDO DA X.GOVERNO LOCAL DO 28.06.13 DE APROBACIÓN DA CONVOCATORIA DE SELECCIÓN E CONTRATACIÓN DE PERSOAL DO PROGRAMA VIGO EMPREGA 2013. EXPTE. 10517/77.

Dáse conta do informe-proposta do xefe do Servizo de Desenvolvemento Local e Emprego, do 15.11.13, conformado polo concelleiro de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, que di o seguinte:

A concellería de Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado ten aprobada a realización de obras municipais, por persoal traballador beneficiario do programa "Vigo Emprega" (convocatoria 2013), no marco do PME

O pasado 16 de setembro comezou a traballar o persoal traballador beneficiario do programa de inserción laboral "Vigo Emprega" convocatoria 2013 (expte. 10259/77), por un período de 6 meses.

Con data 10/10/2013, resolveuse o contrato do traballador oficial pintor, por non superación do período de proba, con efectos de baixa de data 24 de outubro de 2013 (achegáse copia), producíndose unha vacante por non ter candidatos na lista de suplentes que cumprisen os requisitos establecidos nas bases.

Así mesmo, tense valorado as necesidades de persoal en función das características das obras para a recuperación e reconstrución do patrimonio histórico e cultural e outras obras demandadas polos servizos municipais, a desenvolver polo persoal traballador beneficiario do programa, polo que sería preciso e adecuado cubrir esa vacante coa categoría profesional de oficial canteiro.

Polo anteriormente exposto e en base as competencias que materia de contratación ostenta a Xunta de Goberno Local PROPONSE A ADOPCIÓN DO SEGUINTE ACORDO:

Primeiro.-Modificar o punto primeiro do acordo de XGL de data 28 de xuño de 2013, "Proposta de aprobación da Convocatoria de selección e contratación de persoal: programa VIGO EMPREGA 2013" (expte. 9863/77), en canto ao nº de postos na categoría de oficial canteiro, por non ter candidatos na lista de suplentes correspondente a oficial pintor, quedando da seguinte maneira:

- *Pintor -nº de postos a contratar: cero (0)*
- *Canteiro -nº de postos a contratar: dous (2)*

Segundo.-Modificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 30/0/2013 (exp.10259-77), no seu apartado terceiro de contratación de oficial canteiro, substituindo a D. Juan López Piñeiro con DNI 36005923-K, polo 1º suplente na categoría de oficial canteiro D. Diego Lorenzo Sousa con DNI 36096959-T, conforme a acta de selección emitida pola Comisión de Selección de data 31 xullo de 2013.

Para a realización da contratación, xa se achegou a seguinte documentación:

- Copia do acordo da XGL de 08/03/2013, pola que se aproban as bases para o procedemento de selección dos/as persoas candidatas do programa de inserción laboral VIGO EMPREGA.*
- Copia do acordo da XGL de 28/06/2013, pola que se aproba a "Convocatoria de selección e contratación de persoal VIGO EMPREGA, 2013.*
- Copia do acordo da XGL de 30/08/2013, pola que se aproba a "Contratación de persoal no programa VIGO EMPREGA" convocatoria 2013.*

- Actas da Comisión de Selección.
- Informe-proposta e Decreto das contratacións.
- Listado de persoas suplentes na categoría de peón.

A contratación terá as seguintes características:

- Período de contratación: Do 26 de novembro de 2013 ata o 15 de marzo de 2014.
- Tipo de contrato: Contrato de duración determinada de interese social a xornada completa.
- Obxecto do contrato: Realización das funcións propias como canteiro (categoría profesional oficial)
- Retribucións salariais: As establecidas no Acordo Marco de regulación das condicións sociolaborais das contratacións no marco do Plan de Emprego Municipal, na modalidade de Traballadores/as beneficiarios/as dos programas de emprego para a categoría de peón/as, capataces e oficiais, respectivamente..
- As pagas extras serán prorrateadas mensualmente.
- As situacións de incapacidade temporal interrompirán o período de proba.

O custe destas contratacións pode ser aplicado á partida do orzamento vixente 2410.1310000 "Plan de Emprego Municipal" e 2410.1600000 "Seguridade Social Emprego".

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(1306).- RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA AVDA. CAMELIAS. FASE 2 (RÚA OURENSE-DOUTOR MARAÑÓN). EXPTE. 2444/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.11.13, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, de 8.11.13, conformado polo concelleiro delegado de dita Área, que di o seguinte:

A empresa ESINPRO, S.L., presenta o proxecto de RENOVACIÓN DAS REDES DE ABASTECIMIENTO E SANEAMENTO NA AVDA. CAMELIAS. FASE 2 (RÚA OURENSE-RÚA DOUTOR MARAÑÓN), redactado polo ENXEÑEIRO INDUSTRIAL D. CASIMIRO FONTENLA BUGALLO, cun orzamento base de licitación de UN MILLÓN DOUSCENTOS CORENTA E DOUS MIL CINCOCENTOS SESENTA E UN EUROS CON CORENTA CÉNTIMOS (1.242.561,40). IVE NON INCLUIDO.

O Proxecto "Reposición das redes de Abastecemento e Saneamento da rúa Camelias. Fase 2" define as obras necesarias para a renovación das canalizacións da rúa Camelias no tramo entre a rúa Ourense e a rúa Dr. Marañón e na parte superior da rúa D. Quixote, así como a urbanización das beirarrúas existentes adaptándoas aos criterios técnicos e estéticos definidos polo Concello.

As canalizacións de abastecemento actuais son de fibrocemento e encóntranse obsoletas polo que se contempla substituílas por tubería de fundición de 200 mm e 150 mm, na marxe esquerda e dereita, respectivamente. No tramo da rúa D. Quixote instálase tubería de fundición de 80 mm.

O colector de saneamento encóntrase en mal estado polo que se renova con canalización de PVC de 500 mm de diámetro, seguindo a mesma traza do colector actual.

Instalaranse dous colectores de pluviais de PVC de 315 mm de diámetro no tramo rúa Ourense - rúa D. Quixote e de 400 mm no tramo rúa D. Quixote - rúa Dr. Marañón, un por cada lado da rúa. Para a reposición do pavimento previuse unha base de formigón en masa na coroación das gabias, un fresado posterior de toda a superficie da rúa e o estendido dunha nova capa de aglomerado.

A beirarrúa esquerda inclúe unha zona de convivencia peóns/ciclistas así como unha dársena de espera na parada de autobús. Na beirarrúa dereita previuse a instalación de xardineiras rectas e corridas que incorporan os camelios existentes e que servirán de elemento visual de separación continua entre a zona peonil e o vial. En ambos casos inclúense xardineiras nas illas de colectores e nos cruces.

No pavimento das beirarrúas inclúense unhas zonas nas que se utilizan as cores branco e vermello da pedra para debuxar de forma esquemática a bandeira de Vigo.

Os farois fernandinas actuais mantéñense pero realizaráselles un tratamento de limpeza e pintura para a súa restauración e substituirase a óptica existente por grupos ópticos de 32 LED's de 40 w de potencia, con reguladores de intensidade.

O prazo de execución previsto é de DEZ (10) MESES e o prazo de garantía é de DOUS (2) ANOS.

Polo que, á vista do anteriormente exposto e tendo en conta o informe do Enxeñeiro Municipal de data 7 de novembro, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA:

1.- Aprobar o proxecto redactado por ESINPRO,S.L. para a "Renovación das redes de abastecemento e saneamento na Avda. Camelias. Fase 2 (Rúa Ourense- Doutor Marañón), por un importe de 1.242.561,40 Euros (un millón douscentos coarenta e dous mil cincocentos sesenta e un euros con coarenta céntimos) e un prazo de execución de 10 meses.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(1307).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 444.330,43 €, A FAVOR DA COMPAÑÍA ASEGURADORA MAPFRE SEGURO DE EMPRESAS POLA COBERTURA DA PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 258/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 12.11.13, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial do 15.10.13, conformado polo xefe de Patrimonio e a concelleira delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar, en concepto de indemnización substitutiva, a cantidade de 444.330,43 euros, pola cobertura da poliza de seguro de reponsabilidade civil do Concello de Vigo e Organismos Autonomos, a Compañía Aseguradora Mapfre seguros de empresas, no periodo comprendido entre o 1 de xaneiro de 2013 e 31 de decembro de 2013, con cargo a partida presupuestaria 9220.2240000.

A efectos de pago deberase ter en conta, e según a Lei de Mediación de Seguros Privados, que a póliza de referencia foi contratada a través da Correduría aseguradora do concello, Artai, Consultores de Seguros .

12(1308).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 96032,86 € A FAVOR DE LIMPIEZAS NOROESTE S.A. POLA LIMPEZA DAS DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO, 1-15 XUÑO 2013. EXPTE. 256/242.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.11.13, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial do 21.10.13, conformado polo concelleiro de Réxime Interior, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de indemnización substitutiva a empresa Limpiezas de Noroeste S.A., a cantidade de 96032,86 euros, correspondente ó adeudado á empresa perante os días 1 ó 15 de xuño de 2013, pola limpeza das dependencias do Concello de Vigo. Dito gasto imputarase a partida presupuestaria 9220.2270000.

13(1309).- ABOAMENTO Á COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DA RÚA PI Y MARGALL,69, DE DERRAMA POR OBRAS DE ARRANXO DO TELLADO. EXPTE. 247/242.

Visto o informe de fiscalización do 7.11.13, e de acordo co informe-proposta da técnico de Admón. Especial, do 24.10.13, conformado polox efe de Patrimonio e pola concelleira delegada, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar a Comunidade de propietarios da rua Pi y Margall 69, da que forma parte o Concello de Vigo como propietario dun baixo no inmovible, polas obras do arranxo do tellado a cantidade de 3.783,10 euros.

A conta da Comunidade na que debe efectuarse o abono é a 2080-5053-69-3040006147.

Dito gasto poderase imputar a partida 92202120005 do vixente presuposto.

14(1310).- RECLAMACIÓN PREVIA EN MATERIA DE TUTELA DE DEREITOS FUNDAMENTAIS, DESPIDO E RECOÑECIMENTO DE DEREITO PRESENTADA POR D^a. M^a ASUNCIÓN PÉREZ GONZÁLEZ. EXPTE. 24348/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 6.11.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- En escrito de data 07/08/2013 (documento nº 130093972) D^a María Asunción Pérez González, con DNI 36.133.187-A, presenta reclamación previa á vía xurisdiccional laboral en materia de tutela de dereitos fundamentais, despido e recoñecemento de dereito pola presunta cesión ilegal de traballadores derivada da presunta prestación de servizos no centro cívico municipal de Coruxo, xestionado polo Servizo de Participación e Atención Cidadá.

A reclamante carece de vínculo xurídico algún co Concello de Vigo (tanto en réxime administrativo como laboral), carecendo igualmente da condición de persoal ao servizo do sector público local de Vigo en algunha das modalidades previstas na Lei 7/2007, di 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, e por tal motivo, non se somete aos sistemas de control de presenza horaria –obrigatorios para os empregados/as públicos municipais- nin consta na xestión de permisos, vacacións e licenzas do persoal municipal.

2.- A reclamante xa presentara unha reclamación previa en materia de recoñecemento de dereito e reclamación de cantidade, desestimada por acordo da Xunta de Goberno local de 23.08.2013 (expediente administrativo nº 24.289/220).

No marco do citado expediente, a reclamante manifestaba e ter mantido e/ou manter un vínculo contractual laboral coas empresas “IMESAPI, S.A.”; “EULEN, S.A.” e “ATLAS SERVICIOS EMPRESARIAIS, S.A.U.”, entre outras; manifestacións que se manteñen na nova reclamación previa (folio nº 1 da mesma).

3.- Visto o escrito indicado, o 08/08/2013 foi solicitado informe á Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, informe de data de sinatura 18/09/2013 e que obra incorporado ao presente expediente administrativo, á vista do cal procede a emisión do correspondente informe-proposta ao órgano municipal competente.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

I.- O artigo 125 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada por Lei 4/1999, establece a obrigatoriedade de esgotamento da vía administrativa previa ao exercicio de accións en vía xurisdiccional laboral. Igualmente, o Real Decreto Lexislativo 2/1995, do 7 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Procedemento Laboral, contempla nos seus artigos 63 a 73 –ambos inclusive- a obriga de exercitar a reclamación administrativa previa con anterioridade ao exercicio de vía laboral.

Dado que o obxecto da reclamación non versa sobre as materias expresamente excluídas contida no artigo 70 da mesma norma, procede en consecuencia admitir a trámite a mesma, con pronunciamento expreso sobre a súa admisibilidade ou inadmisibilidade.

II.- En canto ao obxecto da reclamación en cocnepto de tutela de dereitos fundamentais, dfespido e recoñecemento de dereitos (cesión ilegal de traballadores e fraude de lei na contratación) que conforma o fondo do asunto, debe terse en conta que o marco normativo de aplicación ao emprego público vén conformado esencialmente pola Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que regula detalladamente os sistemas de acceso ao emprego público, que deberán en todo caso respetar os principios de igualdade, mérito e capacidade dacordo co previsto na propia norma e no resto do ordenamento xurídico (artigo 55).

A propia Constitución de 1978 contempla que o acceso á función pública deberá efectuarse dacordo cos principios de mérito e capacidade (artigo 103.3) garantindo o dereito fundamental á igualdade de trato no artigo 14.

Idéntica previsión rexe no dereito do emprego público en canto ao acceso á condición de persoal laboral (temporal, fixo ou indefinido) ao servizo do sector público.

En consecuencia, os únicos sistemas de acceso ao emprego público -e conseguinte integración na plantilla orgánica municipal- pasan inexcusable e legalmente pola superación dun proceso selectivo de concorrencia competitiva que observe tales principios, o cal non ten sucedido no presente suposto.

Todos estes aspectos xa foron informados e resoltos en acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.08.2013 (expediente administrativo nº 24.289/220); por tal motivo, enténdese que non procede entrar a revisar tales cuestións, por estar as mesmas expresamente desestimadas.

III.- No informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá en data 18/09/2013 sinálase literalmente que:

“Con data 8 de agosto de 2013 polo servizo de recursos humanos solicita informe con relación á reclamación previa en materia de tutela de dereitos fundamentais, despido e recoñecemento do dereitos presentada por D^a María Asunción Pérez González, conforme ao exposto na reclamación previa INFORMO:

1.- A interesada estivo contratada pola empresa ImesApi Movilidad S.A., para o desenvolvemento dos servizos de atención ao público e conserxería, no Centro Cívico Municipal de Coruxo, ata o 31/07/2013.

2.- As funcións que desenvolve son as establecidas no prego de cláusulas técnicas aprobado na convocatoria para a “Contratación de Servizo de atención ó público e conserxería dos centros cívicos municipais dependentes da concellería de Participación Cidadá situados no Casco Vello, Coruxo, Saians e Teis”, e que son as que deseguido se relacionan:

- Utilización das aplicacións informáticas correspondentes a cada Unidade, e máis especialmente os paquetes ofimáticos estándar (tratamento de textos, folla de calculo, base de datos, etc).*
- Tratamento da información en xeral: ordenador, mecanografía, realizando as correccións ortográficas necesarias.*
- Confección e manexo de ficheiros, comprobación de direccións, etc. Manexo de máquinas de rexistrar, copiar, reproducir, microfilmear, clasificar, encadernar, cortar, destruír, selar, ensobrar, expedir, etc.*
- Vixilancia e control de accesos a instalacións municipais, atendendo a visitantes e cidadáns en xeral sobre temas relacionados coa dependencias, así como atención telefónica e telemática.*
- Ofrecer información sobre ás actividades culturais, lúdicas e festivas organizadas polo Concello ou entidades públicas ou privadas.*
- Manter os expositores con Información turística, de emprego, etc.*
- Franqueo, ensobrado, clasificación, entrega, recollida, transporte e distribución de correspondencia e paquetería; manexo de fotocopiadoras, fax, encadernadoras e outras máquinas sinxelas de oficina.*
- Recollida, transporte e reparto de documentos, expedientes, aparellos, etc. dentro do centro; colocación e retirada de documentos en taboleiros de anuncios ou similares.*
- Custodia e manexo das chaves das distintas oficinas e despachos; apertura e peche de portas, fiestras, luces, calefacción e outros fluídos, así como preparación de aulas ou salas.*

- *Revisión de instalacións internas e externas. No caso de avaría ou desperfecto que requira intervención profesional, comunica-lo ó servizo de Atención Cidadá para a súa resolución.*
- *Prendido, control e apagado de calefacción.*
- *Coidar do perfecto estado do material e ferramentas que necesite para realiza-las súas funcións.*
- *Cumprimento da normativa e instrucións do superior en relación á prevención de riscos.*
- *Todas aquelas que teñan acomodo polas funcións propias do posto.*

3.-Que desde el inicio del contrato e conforme se establecía no mesmo a persoa responsable de xestión do servizo que actuó como interlocutor co Concello de Vigo é D. Jose Antonio Miguez Bastos e no seu caso D. Ramón Comesaña Alonso.

4.- Con motivo das reiteradas chamadas desde os centros cívicos municipais ao persoal do servizo de Participación Cidadá, e coa finalidade de garantir e mellorar un nivel de reposta axeitado ás necesidades dos usuarios e usuarias dos centros cívicos municipais, se requirio á empresa ImesAPI para que nomeara un/unha nova interlocutor/a da empresa, polo cual se procedeu por parte da empresa a nomear a unha das traballadoras como coordinadora, reiterando a necesidade de realizar todas os contacto con servizo xestor a través da mesma.

5.-Que esta xefatura como responsable do servizo xestor do contrato, ten procurado exercer a facultade de dirección e inspección do cumprimento do contrato conforme establece a cláusula 8 do Prego de Cláusula administrativas particulares para a contratación de servizos polo Excmo. Concello de Vigo, no que entre outros partados establece que “A Administración goza das máis amplias facultades de comprobación, dirección e inspección acerca do servizo. En consecuencia coas súas facultades do parágrafo anterior, a Administración, en canto teña relación co servizo contratado, poderá recabar do contratista a documentación e información que estime oportuna, de calquera orden; poderá establecer os sistemas de control de calidade a empregar e levar a cabo as inspeccións que estime pertinentes, de toda índole; así como está facultada para dictar as disposicións oportunas para o estrito cumprimento do convindo”.

6.-A empresa “Global Sales Solutions Line Atlantico S.L.”, ten prestado o servizo de Atención telefónica a través do teléfono 010, coas funcións propias do servizo contratado, e conforme ao Convenio colectivo de ámbito estatal do sector de telemarketing, e a interesada ten realizado substitucións puntuais do persoal da empresa, coa categoría de “teleoperadora”.

7.-Nos pregos de Cláusulas administrativas particulares e cláusulas técnicas do concurso aberto para a “CONTRATACIÓN DE SERVICIOS DE PORTERÍA, CONTROL DE ACCESO E INFORMACIÓN Ó PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS MUNICIPAIS”, exp.- 2716/321, non consta a obrigatoriedade de subrogación de persoal por parte da empresa adxudicataria.

O servizo Participación e Atención Cidadá, como xestor do contrato, se ten rexido en todo momento polo establecido no prego de prescricións técnicos que establecen no seu apartado 4 “Características do servizo”, entre outras que “A empresa adxudicataria será a encargada de desenvolver os traballos encomendados baixo os criterios sinalados polo Concello de Vigo, de manter actualizada a axenda diaria e toda aquela información de carácter externo ó Concello e validar a información, recoller as queixas e suxestións que se realicen, recoller e entregarlle periodicamente ó responsable

municipal do servizo as estatísticas, realizar as enquisas que se estimen oportunas; pasar parte ó responsable municipal de cantas incidencias puideran derivarse da xestión diaria, mantendo en todo momento unha liña de comunicación co Concello fluída e transparente. Tamén deberá dar conta detallada das quendas de traballo e calquera modificación destas, atendendo neste punto as recomendacións do Concello.”

O que se informa aos efectos oportunos.”

En consecuencia, non cabe inferir vínculo laboral algún entre a reclamante –que, en toda caso, tería a condición de persoal da empresa á cal prestaba ou presta servizos- e o Concello de Vigo, debendo salientarse que calquera reclamación derivada do vínculo laboral mantido entre a empresa indicadas e a reclamante, deberá ser dirimido entre ambas mediante os mecanismos legalmente establecidos na Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social; non podendo, igualmente, inferirse a existencia de cesión ilegal de traballadores en atención á existencia dun contrato administrativo cunha entidade mercantil suxeita á lexislación administrativa de Contratos do Sector Público.

A Xurisprudencia emanada dos órganos xurisdiccionais laborais (especialmente ilustrativa a este respecto, vid. STS de 14 de marzo do 2006; STSXG do 20 de novembro do 2005, entre outras) establece, en canto á cesión ilegal de traballadores, que ésta “constitúe un fenómeno complexo, en virtude do cal o empresario real, que incorpora a utilidade patrimonial do traballo e exerce efectivamente o poder de dirección, aparece substituído no contrato de traballo por un empresario formal...”(STS do 20 de xullo do 2007); igualmente, recentes resolucións xudiciais dictadas pola xurisdicción social en supostos de similares reclamacións fronte ao Concello de Vigo en concepto de cesión ilegal de traballadores desestiman as mesmas, principalmente por estimar que (Sentenza do Xulgado do Social nº 2 de Vigo, dictada en autos p.o. 1039/2011, interposta por D. Guillermo González Domínguez contra EULEN SERVICIOS SOCIOSANITARIOS, S.A., e o CONCELLO DE VIGO en concepto de cesión ilegal de traballadores; fundamento xurídico 3º):

“1.- Se ben existe un negocio xurídico de concretación entre cedente e cesioanria para facilitar persoal –un convenio de colaboración de carácter administrativo- non concorren os requisitos de empresario formal e contrato de traballo formal, porque as dúas entidades son reais, con actividade e obxecto social propios, e dende logo o contrato de traballo do demandante é real e por quen de verdade exerce as labores de empresario.

2.- A empresa EULEN facilita os elementos esenciais da prestación do servizo, pero a dirección funcional e o planeamento dos servizos terapéuticos deben ser levados a cabo por técnicos do Concello en coordinación do SERGAS, aínda que é normal que se utilicen medios materiais postos a disposición pola Xunta.

3.- Os traballos que realiza o demandante son de tipo auxiliar e persoal, e que deben ser obxecto de externalización pola Administración (.....)

4.- É igualmente razoable que os medios de produción esenciais para a explotación e realización do servizo pertencan á entidade principal, porque o importante nos supostos de outsourcing é o servizo auxiliar que se ofrece, non os medios que poidan adquirirse ou alugarse. Así ven facilitado pola Lei 30/2007, de contratos do sector público, que permite este tipo de convenios administrativos. Un servizo tan especial e específico como un centro de atención a drogodependentes debe poder ser externalizado pola Administración, posto que require da implicación dalgunha entidade que expresamente poña a disposición persoal para facilitar o cumprimento

deste servizo social, co persoal adecuado, que non necesariamente debe pertencer á Administración como funcionario ou como persoal laboral (.....)”.

As prestacións obxecto do contrato xestionado polo Servizo de Participación e Atención Cidadá, segundo se detalla no informe do de data 18/09/2013, en ningún suposto implican o exercicio de potestades ou funcións reservadas exclusivamente a funcionarios públicos (vid. artigo 9.2 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público) ou conlevan a necesidade de recurrir a persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas, tendo carácter limitado no tempo a súa execución, e sendo susceptibles de externalización segundo a lexislación vixente en materia de contratos das Administracións Públicas (NOTA: ata o 16/11/2011 rexía a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, norma aplicable aos contratos administrativos mencionados, rexendo a partires desa data o Real Decreto Lexislativo 2/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público).

En igual senso se pronuncia a Sentenza do Xulgado do Social nº1 de Vigo, dictada en autos do p.o. 831/2011, interposto por María Carmen Alonso Costas e 12 máis contra a FUNDACIÓN ALDABA e o CONCELO DE VIGO, en cuxo fundamento xurídico primeiro, in fine, se sinala que:

“Por tanto, non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontrata dun servizo do Concello, que como tal controla a actividade cedida...(....)...a Fundación demandada é unha empresa real con medios materiais, con estrutura, que aportou medios materiais para realizar a labor subcontratada, que exerce poder de dirección, etc, por tanto non estamos ante unha cesión ilegal de traballadores, senón ante unha subcontratación permitida polo artigo 42 do Estatuto dos Traballadores, polo que debe desestimarse a demanda”.

V.- A contratación de servizos suxeita ao Dereito Administrativo dos contratos, como xa se sinalou con anterioridade, e como tamén se contén no acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/08/2013 desestimatorio da reclamación en concepto de recoñecemento de dereito e cantidade interpostos pola reclamante, atopábase prevista no momento de adxudicación na Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, que establecía no seu Capítulo V (Contratos de Servizos, artigos 277 a 290) o obxecto, finalidade, alcance, réxime e efectos da citada tipoloxía contractual. En concreto, o artigo 277 sinalaba que “non poderán ser obxecto destes contratos os servizos que impliquen exercicio de autoridade inherente aos poderes públicos” (apartado 1) para salientar de seguido que “á extinción dos contratos de servizos, non poderá producirse en ningún caso a consolidación das persoas que teñan realizado os traballos obxecto do contrato como persoal do ente, organismo ou entidade do sector público contratante” (apartado 4).

VI.- A doutrina xurisprudencial dos actos propios, amplamente consolidada polo Tribunal Supremo (a título exemplificativo, vid. STS 27 de marzo de 2007 (RJ 2007, 1982), na que se explicita que, conforme ao que a Sala ten reiteradamente declarado, entre outras en SSTS de 31 de xaneiro de 1995 (RJ 1995, 291) e 30 de setembro de 1996 (RJ 1996, 6824) e 24 de abril de 2004) concrétase no feito de que ninguén pode ir contra os seus propios actos, de xeito tal que toda pretensión formulada dentro dunha situación litixiosa por unha persoa que anteriormente realizase unha conducta incompatible con dita pretensión, debe ser desestimada. Doutrina que ten as súas orixes no principio nemo potest contra proprium actum venire.

Toda vez que a reclamante tiña pleno coñecemento e capacidade –e obriga legal de telo, nos termos do principio xeral de que “a ignorancia das leis non excusa do seu cumprimento” recollida no artigo 6 do Código Civil- no momento de formalización do seu contrato laboral coa súa empregadora do carácter, contido, obxecto e alcance do mesmos, non parece de recibo que se exercite agora a pretensión de recoñecemento dun vínculo laboral contractual inexistente; non parecendo que se teña vulnerado o seu dereito, dado que o modo de xestión do servizo

corresponde ao Concello de Vigo e, en todo caso, á empresa adxudicataria nos termos da lexislación en oramtiva aplicable, así como dos correspondentes pregos de prescipcións técnicas e de cláusulas administrativas rectores dos contratos administrativos.

Admitir unha eventual relación laboral entre unha traballadora dunha concesionaria nas condicións indicadas conlevaría unha evidente fraude de lei, non permitida polo ordenamento xurídico nos termos do contemplado no artigo 6, apartado 4, do vixente Código Civil, con consecuencias sumamente negativas no acceso ao emprego público.

VIII.- Debe considerarse especialmente que o lexislador estatal, sendo consciente das desfavorables consecuencias que para as Administracións Públicas xenera o acceso ao emprego público de xeito irregular mediante sentencias xudiciais de indefinición da "relación laboral" -máxime no actual contexto económico de racionalización e contención do gasto público esixido polas autoridades económicas da Unión Europea e pola situación económica existente- estableceu no Real Decreto 20/2012, do 13 de xullo, de medidas para garantir a estabilidade orzamentaria e de fomento da competitividade, contemplou un apartado específico, denominado "Medidas en relación coas empresas de servizos contratadas polas AAPP" (Disposición Adicional Primeira), aos efectos de que, no ámbito da Lei de Contratos do Sector Público, se proceda a dictar instrucións para a correcta execución dos servizos que se teñan contratado, de xeito que quede clara a relación entre os xestores da Administración e o personal da empresa contratada, evitando actos que puidesen considerarse determinantes para o recoñecemento dunha relación laboral.

A tales efectos, por parte do Servizo de Recursos Humanos déixase constancia do feito de que a Xunta de Goberno Local, como órgano responsable da xestión do persoal municipal, debería adoptar as medidas oportunas para a adecuada concienciación das xefaturas das Áreas e Servizos da necesidade e imperatividade legal de actuación consonte ao marco da eficiencia na prestación do servizo público ao seu cargo, debendo ter sempre presentes o pleno sometemento á Lei e ao Dereito ao que a actividade administrativa está suxeita por imperativo constitucional (artigo 103 da Constitución de 1978) entre outros principios igualmente relevantes como os de obxectividade, eficiencia ou xerarquía.

O contrario podería e debería conlevar a aplicación do réxime previsto nos artigos 93 a 98 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.

En xusta coherencia co antedito, a reclamación previa debe ser desestimada.

IX.- Vistas as competencias que a Xunta de Goberno Local ostenta segundo o réxime de atribucións contemplado no artigo 127.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, en redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, coa conformidade co Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

"Primeiro.- Desestimar a reclamación previa á vía xurisdiccional laboral (dereitos fundamentais, despido e recoñecemento) formulada en escrito de data 07/08/2013 (documento nº 130093972) por D^a María Asunción Pérez González, con DNI 36.133.187-A, nos termos do informe emitido pola Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá de data 18/09/2013 e en atención aos fundamentos xurídicos expresados e motivación exposta no informe xurídico que antecede.

Segundo.- Notifíquese o presente acordo ao reclamante aos efectos oportunos, así como á Xefatura da Área de Réxime Interior, Asesoría Xurídica Municipal (Xefatura do Servizo Contencioso), Xefatura do Servizo de Participación e Atención Cidadá, significándolle que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados

dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito ou dos recoñecidos pola Lei 36/2011, do 10 de outubro, Reguladora da Xurisdicción Social.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

15(1311).- VALIDACIÓN DE GASTOS EN MATERIA DE REPRESENTACIÓN E DEFENSA PROCESUAL EN VÍA XURISDICCIONAL LABORAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 24522/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.11.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 5.11.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, e coa ampliación de informe, do 12.11.13, da xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a convalidación do gasto en concepto de honorarios profesionais derivados da representación legal e defensa letrada do Concello de Vigo (procedemento nº 604/2012, interposto por D^a Alejandra M^a Sousa Fernández e outras) contido na factura presentada por D. Daniel del Valle Corrochano, con NIF 546.804-W, no rexistro xeral do Concello en data 09/10/2013 (documento administrativo nº 130116024) e, en consecuencia, ordenar o pago da factura indicada, por un importe total de 129,91 €, IVE incluído, dispoñendo o seu aboamento con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2260400 -“gastos xudiciais e notariais” dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos dos informes emitidos no presente expediente.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal e Gabinete da Alcaldía aos efectos oportunos.

16(1312).- VALIDACIÓN DE GASTOS EN MATERIA DE REPRESENTACIÓN E DEFENSA PROCESUAL EN VÍA XURISDICCIONAL LABORAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 24523/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 8.11.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos do 5.11.13, conformado pola xefa da Área de Réxime Interior e polo concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal, e coa ampliación de informe, do 12.11.13, da xefa do Servizo de Recursos Humanos, a Xunta de Goberno local acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a convalidación do gasto en concepto de honorarios profesionais derivados da representación legal e defensa letrada do Concello de Vigo (procedemento nº 1339/2011, seguido a instancia de D^a Mónica

López.Coronado Carnero contido na factura presentada por D. Daniel del Valle Corrochano, con NIF 546.804-W, no rexistro xeral do Concello en data 09/10/2013 (documento administrativo nº 130116026) e, en consecuencia, ordenar o pago da factura indicada, por un importe total de 119,79 €, IVE incluído, dispoñendo o seu aboamento con cargo á aplicación orzamentaria 9220.2260400 -"gastos xudiciais e notariais" dos vixentes Orzamentos Municipais, nos termos dos informes emitidos no presente expediente.

SEGUNDO.- Notifíquese o presente acordo ao interesado, Intervención Xeral Municipal, Asesoría Xurídica Municipal e Gabinete da Alcaldía aos efectos oportunos.

17(1313).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A EDELNE S.L. POR OBRAS DE CANALIZACIÓN ELÉCTRICA EN CTRA. Balsa-MATAMÁ. EXPTE. 69987/250.

Dáse conta do informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras do 13.11.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

Con data 12/04/2013 autorizouse a Edelne, S.L. á realización dunha canalización eléctrica soterrada nas rúas Matamá Pazo (Ctra.) – Balsa (Ctra.) – Leonardo Alonso (Rúa) – Ponte sobre acceso á Zona Franca.

A mentada autorización incluía o depósito dunha fianza por importe de 2.948,70 € para responder dos posibles danos que se puideran ocasionar na vía pública por mor das obras.

Con data 24/10/2013 solicita a devolución da fianza solicitada.

Con data 12/11/2013 o inspector de Vías e Obras emite informe no que fai constar que a obra de canalización eléctrica xa está rematada e o pavimento quedou en perfectas condicións.

Por todo o anteriormente exposto proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Proceder á devolución da fianza de 2.948,70 € (dous mil novecentos corenta e oito con setenta euros) a favor de Edelne, S.L.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

18(1314).- ASISTENCIA A CURSO “ARQUIVOS DE OFICINA” EN INAP (MADRID) DE FRANCISCO ESCUDERO GONZÁLEZ. EXPTE. 2035/315.

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 19.11.13, e de acordo co informe-proposta do xefe do Servizo de Cedro, do 18.11.13, conformado pola concelleira-delegada de Benestar Social, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Autoriza-la asistencia do funcionario Francisco Escudero González ao curso “Archivos de oficina” que se vai celebrar os proximos días 25,26,27 e 28 de Novembro na sede do Instituto Nacional de Administración Pública (INAP) en Madrid.

2º,- Autorización para non asistir ao posto de traballo os días 25,26,27 e 28 de novembro, facendo uso das horas para formación segundo o Acordo Regulador dos traballadores deste concello.

3º.- Autoriza-lo uso do vehiculo particular do funcionario para o desprazamento ó lugar de celebración do curso.

4º.- Autoriza-lo gasto total en concepto de desprazamentos e manutención previsto para o mesmo,o cal se desglosa da seguinte forma:

Os gastos que se prevén son os seguintes:

Desprazamentos (Vigo-Madrid-Vigo (600 km x 2 x 0,19 €).....	228,00 €	3133.231.20.00
Desprazamentos (transporte público urbano Madrid)	25,00 €	3133.231.20.00
Tasas autoestrada (2 x 9,40 €)	18,80 €	3133.231.20.00
Dietas de Manutención (4 dietas completas 28,21x4).	112,84 €	3133.230.20.00
Total: 384,64€		

19(1315).- ROGOS E PREGUNTAS.

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e dez minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

M^a Jesús Lago Rey.